

III. OUTRAS DISPOSICIÓN**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

RESOLUCIÓN do 14 de abril de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se publica a adxudicación dos premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2019/20, convocados pola Orde do 19 de outubro de 2020 (Diario Oficial de Galicia do 30 de outubro) (código de procedemento ED311F).

A Orde do 19 de outubro de 2020 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2019/20, establece no seu artigo 14.3 que o titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional elevará a proposta feita polo xurado de selección ao conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que emitirá a correspondente resolución de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O día 5 de marzo de 2021 publicáronse no *Diario Oficial de Galicia* e no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal> as puntuacións provisionais obtidas polos candidatos e candidatas. Elaborada polo xurado de selección dos premios extraordinarios a proposta definitiva de adxudicación, e elevada polo secretario xeral de Educación e Formación Profesional,

RESOLVO:

Primeiro. Adxudicar os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2019/20, ao alumnado que figura no anexo desta resolución.

Segundo. Esta resolución de adxudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo

CVE-DOG: 4ud22ta1-8do4-qeb2-8e38-jonhv5ebpxd5



do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2021

José Luis Mira Lema
Secretario de Educación e Formación Profesional

ANEXO

Premios extraordinarios nas modalidades de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2019/20

Modalidade de Música.

Apelidos e nome	Centro	Especialidade	DNI	Importe
Guimarey Touriño, Iván	Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga (Pontevedra)	Tuba	***2901**	850 €
Molina Touza, Ana	Conservatorio Profesional de Música da Coruña	Violín	***0261**	850 €
Ruibal Seoane, Iván	Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga (Pontevedra)	Piano	***6559**	850 €

Modalidade de Artes Plásticas e Deseño.

Apelidos e nome	Centro	Especialidade	DNI	Importe
Alján Alves, Elba	Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso (A Coruña)	Ilustración	***0399**	850 €
Martínez do Reis, Nicolás	Centro Autorizado de Artes Plásticas e Deseño Aula D (Vigo)	Proxecto e dirección de obras de decoración	***7848**	850 €

